

Jaume Miró

Un home de 30 anos. Bonanat, nunha cociña comedor.
Come un iogur mentres fala por un teléfono branco.
Por riba da mesa, dous teléfonos móbiles, un vermello e o outro azul.

Bonanat: Estou na cociña. Corto unha cebola para o sofrito. Dentro de cinco minutos estarán eiquí. Si, hoxe á noite veñen a cear. Non cho dixera ? Temos que falar con eles dun tema de extrema importancia para ela e para min. Dáme preguiza, sempre é o mesmo. (Facendo escarnio) Como andamos? Como che vai o traballo? E logo queixaranse do estrés e mais dos fillos. Todo o mundo se queixa dos fillos cando os ten. Por que non o pensarán antes de telos? Saben que a Margalida e mais eu xa hai tempo que o procuramos, que o queremos. É unha burla? Fano para amolarnos para tocarnos os collóns. Sabes que fai a Margalida cando sae o tema ise dos nenos? Pois érguese da mesa e vai ao baño. Sempre. Supoño que alá chora. Ou escoita. Sempre volve cando xa temos cambiado de tema. Unha noite estivo alí máis de 15 minutos. Ponme nervioso. Ela e todos.

Pero finxiremos, coma nas últimas ceas. Como en todas e cada unha das últimas veces que nos vimos. Ultimamente perdín interese nas cousas, nas persoas e no traballo. Hai quince anos que teño quince anos. Eu non quería responsabilidades. Nunca. Mais todo sen querer turra de ti e deixaste levar e un día acordas con dona e fillos. Dixen fillos?

(Pausa)

Como que cal é o tema de extrema importancia? Ti que cres? As cousas mudaron. Xa cho dixen. Fai memoria. (Remata o iogur) Ai! Manqueime ! Non, non é nada. A cebola. De verdade que non te lembras diso? (Pausa) E ela non cho dixou? A incomodidade rematou. A Margalida está embarazada. Dous meses. Hoxe ímolo dicir. Poderemos falar de fillos e do que nos espera. Unha gargallada na boca de todos. Malia ter perdido interese nas cousas vai ser un pouco máis cómodo. Polo menos xa non se erguerá da mesa. Poderemos beber viño e cear. Xa puxen a mesa.

Coidaba que xa cho dixera. Ti impórtasme moito. Sabes que te quero. Que non podo vivir sen ti. Non te me poñas así. Sabes que me gustas moito. Que non fochiquei con ninguén tan ben coma contigo.

Que onde vai agora? Pois non cho sei. Non a vin en todo o serán. Dende a mañá. Ten que estar eiquí para a cea. Nun intre van chegar os invitados. Non sei se atoparán a casa, é a primeira vez que veñen desde que fixemos o traslado.

(Pausa)

Estás a me berrar? Eh, non te me poñas así. Este fillo non é tan importante. É para poder parolar nas ceas, para eliminar a incomodidade e os pensamentos deles en plan “pobriños aínda non teñen fillos”, mentres se van laiando seguido do traballo que teñen entre o traballo do traballo e mais o traballo de ter que erguelos pola mañá, vestilos, lavalos, darlles as papas, peitealos, levalos á escola, ir buscalos, lavarlles a roupa, facer os deberes con eles, xogar, levalos a ver os sogros, levalos a ver os pais, levalos a ver as tías, acompañalos a música, acompañalos a tenis, duchalos, darlles a cea, contarlles un conto á hora de durmir, darlles un bico e tapalos. A educación perfecta. A que ninguén de nós tivo. Debe ser un milagre que nós non sairamos psicópatas, non si? Pois iso. Anda, non te me poñas así. Ti e mais eu non podemos ter fillos.

(Pausa)

Anda, pero por que te me amolas ?

Nunca te puxeras así. Non o entendo. Non quedamos que todo era sexo ?

(Soa o móbil azul por riba da mesa)

Espera que me chaman por teléfono. Pódesme chamar nun minuto ?

Si, anda, até agora , si.

(Colle o teléfono azul)

Diga ?
Ola!
Xa chegastes? Onde estades?

(Pausa)

Chove, ou ? (Olla pola fiestra, quita un brazo e comproba que non chove)
Onde ?
Non sei onde é. A Rúa do Bispo? Non me soa. E non podedes coller un taxi?
Ah, que vides cos nenos.

(Pausa)

Non, claro que non me importa. Enchufarei a wii á tele por se queren escachar un xerro. Como que non ven a tele? Pero se non é tele!

(Soa o teléfono branco)

Libros? Non a banda da Hola, claro. Non é brincadeira. Gústanos.
Ben, imos ver que facemos, collede un taxi.
Non, aínda non veu ninguén, escoita que me chaman por teléfono, ao chegar facedes unha chamadiña.
Cal é o teu enderezo?
Correcto. Ise é.
Si, carne ao forno. A miña especialidade.
Non, non, non, quen cho dixo?
Vaia ho! Pero se tiña que ser unha sorpresa. Atende.

(Colle o teléfono branco e sen escoitar nada fala)

Dixenche nun minuto! Non pasaron nin trinta segundos! Volve telefonar dentro dun minuto!

(Colga)

Quen? Non a coñezo. Si, dende hai dous meses. Hoxe queríamosvolvo dicir, queriamos que fose unha sorpresa para todos. A Margalida está moi ilusionada. Eu tamén. Xa era hora. Os médicos dixéranos que nunca poderíamos ter fillos, que non os teriamos, era dramático. Pero mira ti, a natureza fai milagres.

(pausa)

Flores?
Oh, pero se non importaba. A Margalida estará moi contenta. Por certo, sabedes onde está? É que aínda non chegou, que estraño!
Nada, nada. Vide axiña. Que xa estades no taxi? Perfecto
Até agora.

(Colga. Colle o móbil vermello e marca)

Margalida ? Onde estás? Todos están a piques de chegar.
Ah, que xa chegas. De acordo, preparei a cea. Carne ao forno. Si. Estás fumando? Non deberías fumar. O tabaco non é bo para o embarazo. Nada bo. Dino os médicos. Telefonaron os Bauzà, que se perderan. Onde é a rúa do Bispo? Ah! tan pretiño?

(Soa o teléfono branco)

Logo así xa deben estar a chegar. Levan os nenos, si.
Eh?
Que?

Colgoume.

(Colle o teléfono branco)

Ola. Eran os Bauzà que están a piques de chegar. Unha cousa importante? Tan importante que non pode esperar. Si, unha decisión. Feito, escoito.

(Silencio)

Non me podes facer iso. Pero se iso noso é moi diferente. Non ten nada que ver con formar unha familia. Non me poñas neste compromiso. Non podes. Como queres que escolla entre o fillo e ti? Ti xa o pensaches ben? Ponte no meu lugar. Non, a ela non a mestures con todo isto.

(Pausa)

Xa sei que será a nai dos meus fillos. Ti e mais eu non temos nada que nos vencelle á parte do sexo. Como que me vaia esquecendo de ti se non....? Non podemos falar diso logo? Mañá? Podo chamarte. Non me fagas iso, por favor. Preciso de ti. Xa o sabes. De acordo. Vou tomar hoxe a decisión. Dáme un cacho de tempo. Están a piques de chegar. Non podo tomar esta decisión agora mesmo. E que fago? Queres que a deixe tirada e preñada?

(Soa o móbil vermello)

Como que finxir ? Non se trata de finxir, trátase de agochar! E eu, quitado destas putas ceas, non finxo en nada! Espera que me telefonan. Chámote nun minuto.

(Colle o móbil vermello)

Margalida?

(Pausa)

Que che pasa? Estás chorando?

(Silencio. Senta)

Oh. (Pausa) Desde cando o sabes?
Uf. Non, aínda non están eiquí. Por que non mo dixeras?
Ah. E o feto... iso significa que ti e mais eu xa non...?
Un raspado? Estás ben? Dime se estás ben.
Causas naturais dixeron? Sempre din o mesmo.
Onde estás?
Dicirlles que se vaian? Pero iso non o podemos facer. Se están a piques de chegar.
Como que non vas vir?
E que queres que faga eu?

(Pausa)

Como que non sabes cando virás?
Soa de todo ?
Non me podes facer iso. Non podes.
Ven, están a piques de chegar.
Pero onde vas?

(Ela colgou)

Margalida? Margalida? Óesme?

(El desiste. Marca un número desde o mesmo teléfono. Espera, non contesta e colga)

Merda.

(Cambia de teléfono. Agora colle o branco. Marca)

Ola. Volvo ser eu.

Matinei. Decidino

Gañas ti. Vou facer o posíbel para non ter o fillo. Pero non deixarei á Margalida.

(Tocan o timbre)

Xa están eiquí. Cando nos vemos?

(Na porta)

Xa vou!

(Ao teléfono)

Cando queres que quedemos?

Necesito verte. Mañá. Non. Hoxe á noite.

Cando marchen, heite chamar por teléfono.

Xa cho contarei.

Abur.

Bonanat sae a abrir.

Un home de 30 anys, Bonanat, dins una cuina menjador.

Menja un iogurt mentre parla per un telèfon blanc.

Sobre la taula, dos telèfons mòbils, un vermell i l'altre blau.

Bonanat: Som a la cuina. Estic tallant una ceba, faig el sofregit. En cinc minuts seran aquí. Sí, avui vespre vénen a sopar. No t'ho havia dit? Hem de xerrar amb ells d'un tema d'extrema importància per ella i jo. Me fa peresa, sempre és el mateix. (Escarnint.) Com anem? Com va la feina? I es queixaran de l'estrès i dels fills. Tothom es queixa dels fills quan els té. Per què no s'ho havien pensat abans de tenir-ne? Saben que na Margalida i jo fa temps que ho intentam, que en volem. És una burla? Ho fan per empenyar-nos, per tocar els collons. Saps que fa na Margalida quan surt el tema dels infants? S'aixeca de la taula i se'n va al bany. Sempre. Supòs que allà plora. O escolta. Sempre torna quan ja hem canviat de tema. Un vespre s'hi va estar més de 15 minuts. Em posa nerviós. Ella i tots.

Però fingirem, com en els darrers sopars. Com totes i cada una de les darreres vegades que ens hem vist. Darrerament he perdut interès en les coses, en les persones i en la feina. Fa quinze anys que tinc quinze anys. Jo no volia responsabilitats. Mai. Però tot, sense voler, t'empeny i tu et deixes dur i et desperts un dia amb dona i fills. He dit fills?

(Pausa.)

Com que quin és el tema d'extrema importància? Tu què creus? Les coses han canviat. T'ho vaig dir. Fes memòria. (S'acaba el iogurt.) Ai! M'he tallat. No, no és res. La ceba. De veres que no ho recordes? (Pausa.) I ella no t'ho va dir? La incomoditat s'ha acabat. Na Margalida està embarassada. Dos mesos. Avui ho direm. Podrem parlar de fills i del que ens espera. Una gran rialla a la boca de tots. Tot i haver perdut interès en les coses serà un poc més còmode. Al manco ja no s'aixecarà de la taula. Podrem beure vi i sopar. Ja he posat la taula. Pensava que t'ho havia dit. Tu m'importes molt. Saps que t'estimo. Que no puc viure sense tu. No te posis així. Saps que m'agrades molt. Que no he follat amb ningú tan bé com amb tu.

Què on és ara? No ho sé. No l'he vista en tot el capvespre. Des del matí. Ha de ser aquí pel sopar. D'aquí res arribaran els convidats. No sé si ho trobaran, és la primera vegada que vénen des de que ens hem traslladat de casa.

(Pausa.)

M'estàs cridant? Eh, no et posis així. Aquest fill no és tan important. És per poder xerrar als sopars, per eliminar la incomoditat i els pensaments d'ells en pla "pobres encara no tenen fills", mentre es queixen contínuament de la feina que tenen entre la feina de la feina i la feina d'haver de despertar als fills, vestir-los, rentar-los, donar-los les farinetes, pentinar-los, acompanyar-los a escola, anar a cercar-los, rentar-los la roba, fer els deures amb ells, jugar, dur-los a veure els sogres, dur-los a veure els pares, dur-los a veure les ties, acompanyar-los a música, acompanyar-los a tennis, dutxar-los, donar-los el sopar, contar-los un conte a l'hora de dormir, besar-los i tapar-los. L'educació perfecta. La que cap de noltros ha tingut. Deu ser un miracle que no haguem sortit psicòpates, veritat? Idò això. Va, però no et posis així. Tu i jo no podem tenir fills.

(Pausa.)

Va, però per què t'enfades?

Mai t'havies posat així. No ho entenc. No varem quedar que tot era sexe?

(Sona el mòbil blau sobre la taula.)

Espera que me telefonen. Me pots telefonar en un minut?

Sí, va, va fins ara, sí.

(Agafa el telefon blau.)

Digau?

Hei!

Ja arribau? On sou?

(Pausa.)

Que plou? (Mira per la finestra, treu un braç i comprova que no plou.)

On?

No sé on és. Carrer del Bisbe? No me sona. I no podeu agafar un taxi?

Ah, que veniu amb els fills.

(Pausa.)

No, és clar que no m'importa. Endollaré la wii a la tele per si volen rompre un gerro. Com, que no miren la tele? Però si no és tele!

(Sona el telèfon blanc.)

Llibres? No, a part de l'Hola, és clar. No, no és cap broma. Ens agrada.

Bé, ja veurem que feim, agafau un taxi.

No, encara no hi ha ningú. Tu, me telefonen, tocau en arribar.

Quina adreça tens?

Correcte. Aquesta és.

Sí, carn al forn. La meva especialitat.

No, no no, qui t'ho ha dit?

Vaja, però si havia de ser una sorpresa. Espera.

(Agafa el telèfon blanc i sense escoltar res diu:)

T'he dit en un minut! No han passat ni trenta segons! Torna a telefonar d'aquí un minut!

(Penja.)

Qui? No la conec. Sí, des de fa dos mesos. Avui us ho volíem dir, volíem que fos una sorpresa per a tots. Na Margalida està molt il·lusionada. Jo també. Ja era hora. Els metges ens havien dit que mai en podríem tenir, que no en tindríem, era dramàtic. Però mira, la natura fa miracles.

(Pausa.)

Flors?

Oh, però si no importava. Na Margalida estarà molt contenta. Per cert, sabeu on és? És que encara no ha arribat, és estrany.

Va, res. Feis via, que ja sou dins el taxi? Perfecte.

Va, fins ara.

(Penja. Agafa el mòbil vermell i marca.)

Margalida? On ets? Tothom és a punt d'arribar.

Ah, que ja arribes. D'acord, he preparat el sopar. Carn al forn. Sí. Estàs fumant? No hauries de fumar. El tabac no és bo per l'embaràs. Gens. Els metges ho diuen. M'han telefonat els Bauzà, que s'havien perdut. On és el carrer del Bisbe? Ah, tan a prop?

(Sona el telèfon blanc.)

Idò així ja deuen estar per arribar. Duen els fills, sí.

Eh?

Què?

M'ha penjat.

(Agafa el telèfon blanc.)

Hola. Eren els Bauzà que són a punt d'arribar. Una cosa important? Tan important que no pot esperar. Sí, una decisió.

Fet, escolt.

(Silenci.)

No me pots fer això. Però si això nostre és molt diferent. No té res a veure en formar una família. Res. No me posis en aquest compromís. No pots. Com vols que triï entre el fill o tu? Tu ho has pensat bé? Posa't en el meu lloc. No, a ella no la mesclis en tot això.

(Pausa.)

Ja sé que serà la mare dels meus fills. Tu i jo no tenim res que ens uneixi a part del sexe. Com, que me vagi oblidant de tu si no...? No en podem xerrar després? Demà? Te puc telefonar. No me facis això, per favor. Et necessit. Ho saps.

D'acord. Prenc la decisió avui. Dóna'm una estona. Són a punt d'arribar. No puc prendre aquesta decisió ara mateix. I què faig? Vols que la deixi tirada i prenyada?

(Sona el mòbil vermell.)

Com que fingir? No es tracta de fingir, es tracta d'amagar! I jo, llevat de n'aquests putes sopars, no fingeixo res!

Espera que me telefonen. Te crid en un minut.

(Agafa el mòbil vermell.)

Margalida?

(Pausa.)

Què passa? Estàs plorant?

(Silenci. S'asseu.)

Oh. (Pausa.) Des de quan ho saps?

Uf. No, encara no hi són. Per què no m'ho havies dit?

Ah. I el fetus... això significa que tu i jo ja no...?

Un raspat? Estàs bé? Diga'm si estàs bé.

Causes naturals han dit? Sempre diuen el mateix.

On ets?

Dir-los que se'n vagin? Però no ho podem fer. Si són a punt d'arribar.

Com, que no vindràs?

I què vols que faci?

(Pausa.)

Com, que no saps quan vindràs?

Tota sola?

No me pots fer això. No pots.

Vine, són a punt d'arribar.

Però on vas?

(Ella ha penjat.)

Margalida? Margalida? Me sents?

(Ell desisteix. Marca un nombre des del mateix telèfon. Espera, no contesta i penja.)

Merda.

(Canvia de telèfon. Ara agafa el blanc. Marca.)

Hola. Torn ser jo.

He pensat. Ho he decidit.

Tu guanyes. Faré el possible perquè no tinguem el fill. Però no deixaré na Margalida.

(Toquen el timbre.)

Ja són aquí. Quan ens veim?

(A la porta.)

Ja venc!

(Al telèfon.)

Quan vols que quedem?

Necessit veure't. Demà. No. Avui vespre.

Quan se'n vagin te telefon.

Ja t'ho contaré.

Adéu.

Bonanat surt a obrir.